



TEMAS TRATADOS NA REUNIÓN DA XUNTA DE PERSOAL COA XERENCIA

Data: Xoves, 9 de xullo de 2015
Hora: 12:30 horas
Lugar: Sala de comisións núm. 1 da Reitoría

ASISTENTES

Pola Xerencia

Juan Manuel Díaz Villoslada. Xerente

Luis Vázquez López. Xefe de Sección de Xestión de Persoal

Pola Xunta de Persoal

APA: Xosé Manuel Portela Fernández
Pilar Comesaña Pérez
Montserrat Fernández Casal
José Antonio Bouzas Gómez
Manuela Pinazas Rego

CIG: Teresa González Martínez

CCOO: Juan Manuel Pernas Ladra
Jesús Penedo Pallas

CSIF: Carmen Cartamil Obelleiro
Teresa Grandio Rodríguez
Raquel Rubio Barbeito

UGT: Francisco Javier Romero Sánchez

Como Delegados/as dos sindicatos e da agrupación están presentes:

APA: Domingo Abelleira Bouza

Realización de obras no ESCI no mes de agosto.

O xerente informa de que existe unha avaliación realizada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais coas recomendacións e que se trasladou o informe ao director do SAI e ao Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos.



Que se recibiu un escrito de persoal que desenvolve os seus traballos no edificio e que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais realizou un informe.

Con respecto ao persoal que non colle vacacións na segunda semana de agostos adoptaranse as seguintes accións:

- Persoal do Servizo de Investigación e da OTRI, trasladaranse á Reitoría.
- Persoal do SIC trasladaranse á Facultade de Informática
- Persoal do I.U. de Estudos Marítimos trasladarase ao centro onde está a dirección do Instituto.
- Persoal do SAI realizará teletraballo. Conectarase a NEOSAI para traballos de xestión

A Xunta de Persoal solicita que ao persoal do SAI se lles habilite un local na UDC en vez de que realicen teletraballo motivado porque o teletraballo non está regulado na UDC e porque ao persoal do SIC que solicitou, tamén, esta posibilidade se lle habilitou un local. Unha das premisas da Xunta de Persoal é o trato igual para todos/as os/as traballadores/as.

Á Xerencia parécelle razoable a proposta.

A Xunta de Persoal pregunta pola duración dos efectos nocivos ou tóxicos dos materiais empregados na impermeabilización e polo protocolo de seguridade existente no caso de que se teña que acceder ao centro de forma puntual durante o período de peche. Manifesta que na anterior reunión a Xerencia se comprometeu a remitir o informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais e que aínda non o mandara.

A Xerencia comprométese a remitir os informes de forma inmediata.

O luns, día 13 de xullo o xerente enviou, á Xunta de Persoal, os informes do SPRL e a localización definitiva do persoal durante o peche do centro:

A reubicación dos lugares de traballo será:

- Persoal do Servizo de Investigación e da OTRI: Reitoría, oficinas da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
- Persoal do SIC: laboratorio na Facultade de Informática.
- Persoal do SAI: laboratorio na Facultade de Informática.
- Persoal de Conserxaría: Casa da Galería.
- Secretaría do Instituto de Estudos Marítimos: oficina da directora do Instituto na ETS de Náutica.
- Persoal da Unidade de Medios Audiovisuais: Reitoría, oficina da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.



Centros que abren pola tarde en agosto

Solicítase pola Xunta de Persoal que se actualice a relación de centros da UDC que permanecerán abertos ou pechados durante o mes de agosto, pois temos coñecemento de que algún centro, que non aparece na relación, pechará durante todo o día no mes de agosto, outros centros que non se contemplan na relación estarán abertos pola tarde así como outros que na relación aparecen que estarán abertos teñen carteis avisando de que durante o mes de agosto permanecerán pechados en quenda de tarde.

Listaxes de agarda

A Xerencia indica que sobre este tema está esperando á que a Xunta de Persoal ou os sindicatos ou agrupación remitan propostas para a modificación.

A Xunta de Persoal sinala que xa se marcaron prazos para preparar as propostas.

Inauguración do curso 2015-2016

A Xerencia informa que a inauguración do curso 2015-2016 será o 4 de setembro e se organiza na UDC polo que ese día é inhábil.

A Xunta de Persoal traslada a solicitude de que non sexa festivo e que en vez diso se dea ao persoal un moscoso máis.

A Xerencia non o ve lóxico. Sería lóxico se non se organizara na UDC.

A Xunta de Persoal solicita que os actos sexan os máis austeros posibles tendo en conta a situación económica da UDC.

Comisión de servizo da secretaría do I.U. de Estudos Europeos

A Xerencia indica que a Xunta de Persoal debe explicar o motivo polo que non cre que se deba prorrogar a citada comisión de servizo.

A Xunta de Persoal indica que o informe presentado non é suficiente para prorrogar unha comisión de servizos por excepcionalidade, sinalamos que informes dese tipo pódense realizar para calquera posto en comisión de servizo e perpetuaríanas no tempo que é o que a instrución pretende evitar.

A Xerencia pregunta que se se matiza o tempo de prorroga ata a presentación da avaliación a postura da Xunta de Persoal pode cambiar?

A Xunta de Persoal indica á Xerencia que traslade a petición e que se estudará.

Convocatoria de funcionarización

A Xerencia indica que a convocatoria de probas para a execución do proceso de funcionarización do persoal laboral fixo xa foi publicado no DOG con data 01/07/2015.

A Xunta de Persoal insta á Xerencia a que, tendo en conta o establecido no acordo de funcionarización, se poña en marcha a mecánica que posibilite que en xaneiro de 2016 se poidan levar adiante as promocións comprometidas.



O xerente levará á Comisión de formación a convocatoria dos procesos de formación.

Roupa de traballo

A Xerencia informa de que o provedor do contrato está tomando medidas da roupa de traballo.

A Xunta de Persoal indica que ten unha solicitude da Unidade de Medios Audiovisuais solicitando que sexan incluídos no tema da roupa de traballo. Que esta solicitude foi remitida fai meses ao seu responsable sen ter resposta.

A Xerencia solicita á Xunta de Persoal que remita solicitude sobre este tema para que se teña en conta. Indica tamén que para próximas licitación pode ser interesante realizar un estudo polo miúdo das necesidades de roupa de traballo e solicita propostas á Xunta de Persoal.

A Xunta de Persoal creo, tamén, necesario.

Plan de traballo de racionalización de centros

O Xerente indica que a proposta inicial de racionalización de centros non saíu adiante e que se realizará un novo documento que se presentará no próximo Consello de Goberno (22/07/2015).

A Xunta de Persoal indica que solicitou á Xerencia na anterior reunión o documento existente e que non foi enviado.

A Xerencia sinala que non se enviou porque foi rexeitado.

Praza de delineante

A Xerencia informa que se anulou a convocatoria da praza de delineante publicada no DOG con data 21/12/2011 e que nestes momentos está na fase de lista provisional.

Os motivos son defectos no proceso, algúns pódense subsanar como a non publicidade de cambios na convocatoria, mais outros non o son como o tema da valoración de méritos.

Nestes momentos Asesoría Xurídica esta preparando a declaración de lexividade.

A Xunta de Persoal pregunta se a praza se anula, cando se convoque farase como persoal laboral ou funcionario. A Xerencia indica que primeiro hai que ver o pronunciamento no contencioso.

Oferta de emprego público 2015

O xerente informa de que é importante publicala antes de que remate o 2015 e que hai que indicar o % de prazas a reservar a quenda de promoción interna e libre.

A proposta existente contéplase no documento que se achega:



A Xunta de Persoal comenta que a praza de técnico especialista informático pode ter problemas se se convoca e que é importante saber como queda o tema da racionalización de centros para ver que é necesario que apareza na oferta.

A Xunta de Persoal volve a indicar que na oferta de emprego se contemplan todas as prazas vacantes e non só o 50% da taxa de reposición do 2014, aínda que logo se convoquen o número de prazas respectando a normativa vixente.

A Xerencia indica que iso pode ser rexeitado pola Xunta de Galicia.

A Xunta de Persoal indica que outras Administración o fixeron e non tiveron problemas. O motivo de solicitar isto e dar a coñecer a precariedade existente.

A Xunta de Persoal enviará algunha convocatoria que así o reflecta.

Gratificacións

A Xunta de Persoal pregunta se a Xerencia xa se pensou o tema de homologar o tempo traballado en calquera administración á hora de recibir as gratificacións.

A Xerencia indica que se está a mirar, que para ela a homologación é razoable, o problema é de cartos.

Comisións de servizo

A Xunta de Persoal indica que en xaneiro rematan as comisións de servizo xurdidas no proceso de funcionarización por cambio de quenda ou localidade e que é moi importante que o procedemento de convocatoria de novas comisións de servizo se axilice co fin de que se prexudique o menos posible aos traballadores/as.

A Xunta de Persoal pregunta se a Xerencia informa de todas as comisións de servizo ao órgano.

A Xerencia indica que si.

Preguntase entón por qué non se informou dunha comisión de servizos obrigatoria en Ferrol.

A Xerencia toma nota e procede a informar do tema.

Actividades externalizadas

A Xunta de Persoal solicítalle a relación de todos os servizos externalizados, ben sexan con contratos individualizados, follas de pedimento ou a través de empresas alleas.

A Xerencia indica que a relación de postos cubertos por controladores xa foi enviada hai algúns meses.

A Xunta de Persoal indica que non recibiu esa información e que os postos solicitados non só son os de controladores senón que o que se solicita é a relación de todo o persoal desas características (cultura, prensa, etc.)

Remátase a reunión ás 14:25 horas.